

# A LEDICIA DE LER

“A inauguración do novo edificio da Academia”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 8 de abril de 1979



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

*La Voz de Galicia*

**A LEDICIA DE LER** é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

# A inauguración do novo edificio da Academia

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 8 DE ABRIL DE 1979

O acto da inauguración do novo edificio da Real Academia Galega, que tivo o rango que os lectores xa coñecen, ben pode ser cualificado como histórico por moitas razóns. En primeiro lugar polo xesto, intelixente e xeneroso, de El Rei, que lle quixo dar á súa presenza e á da Raíña na Academia un significado que a moitos dos que alí estabamos non se nos escapaba. Viaxou expresamente para a inauguración e ademais o seu desprazamento tivo, pese a sinxeleza externa do protocolo, unha evidente solemnidade. Non foi unha viaxe máis, foi unha viaxe expresamente feita para ese acto.

Unha vez máis foi a cultura, o extraordinario prestixio conquistado pola nosa cultura nos últimos anos, o que fixo posible o transcendental acto académico do pasado día 22. Quen durante anos padeceron na súa carne e no seu espírito (e algúns dos asistentes poderían falar longo sobre iso) a persecución e o desprezo por parte dos poderes públicos a causa dun compromiso e unha lealdade co seu país, valoraban moi ben a importancia de canto alí estaba sucedendo. Unha cultura en tempos recentes aínda acosada e maltratada, recibía o recoñecemento e a simpatía do propio Xefe do Estado, que dixo en galego: «O idioma galego —unha regalía entre outras regalías de España — ben é merecente de todos os sacrificios». Fermosas e xustas palabras para tantos que sacrificaron tanto para que esta regalía fora posible.

Dignamente instalada no seu novo edificio, amplamente apoiada pola viaxe real, a Real Academia Galega, convertida durante un día no símbolo da singularidade galega e a súa importancia cultural diante dos ollos de todos os demais pobos de España, inicia agora unha nova e decisiva etapa da súa vida. En adiante van ser moitas as persoas que han estar pendentes do labor e os traballos que se leven a cabo na Rúa Tabernas da Coruña, sede da única institución oficial non estatal que temos os galegos. Que as esperanzas agora nacidas ou renovadas non se vexan defraudadas, dependerá de moitos factores, pero moi primordialmente da axuda que a Academia reciba do seu país.

A importancia, e tamén a dignidade, da nosa cultura requiren unha atención especial por parte das entidades públicas e privadas que dispoñen de medios para materializar a dita axuda. Os esforzos ata agora realizados, nalgúns casos realmente admirables, que Domingo García Sabell, presidente da Academia e protagonista destacado do éxito do acto que hoxe comentamos, se encargou de salienta no seu discurso, deben ser secundados. Esperemos entón que as autoridades, especialmente as que saian das próximas eleccións municipais, sexan capaces de interpretar fielmente a emoción galega que hai hoxe nos seus electores e que, sobre todo, saiban estar á altura da intelixencia e a xenerosidade de El Rei.

\* \* \*